

**EXPEDIENTE: 211/2021/550**

**CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA ADESTRAMENTOS DEPORTIVOS E ACTIVIDADE FÍSICA DURANTE A TEMPADA 2021/2022 MESA DISTRIBUCIÓN HORAS**

No Palacio dos Deportes de Riazor na sala de reunións sendo as 10.00 horas do día 26 de novembro do 2021, están presentes na Mesa de Avaliación das solicitudes as seguintes persoas:

**Presidente:** Fernando Pérez San Vicente, xefe de servizo do Servizo Municipal de Deportes

**Vogais:** Antonio Pedraz Pollo e Luis Arias Barbeito, técnicos deportivos do Servizo Municipal de Deportes-Directores das instalacións deportivas

**Secretaria:** Paula Solórzano Prieto, auxiliar do Servizo Municipal de Deportes.

A Mesa reúnese de acordo co previsto no punto 9.5 das bases reguladoras da convocatoria e co fin de analizar as alegacións presentadas polo reparto provisional das horas de uso das instalacións deportivas municipais e resolver o procedemento; unha vez rematado o prazo de presentación de alegacións e logo de ver os informes dos directores das instalacións deportivas:

**CLUB SILVA S.D**

En data 29.10.2021, recíbese alegación con código identificador RMPPE151OTY solicitando o uso dun polideportivo municipal os martes no horario sinalado na súa solicitude inicial e rexeita o uso asignado no PM Ventorrillo, ao preferir os martes, feito sinalado coma unha opción preferente e posto na súa solicitude inicial; deberíase de proceder a estimar a súa solicitude e aceptar a renuncia.

**A.C.D.S.MADARIAGA\*TENIS CLUB**

En data 02.11.2021 recíbese alegación con código identificador 211E1500KW solicitando que se modifique o horario concedido. Unha vez revisada a documentación presentada debería de estimarse a súa solicitude e aceptar o cambio

**5 CORUÑA FUTBOL SALA**

- i. En data 02.11.2021 recíbese alegación con código identificador RMPPE151PCI conforme non está de acordo co reparto porque os equipos non poden adestrar 1h semanalmente. Unha vez revisada a documentación presentada deberíase de proceder a estimar a súa solicitude e concederlle 3 horas.
- ii. En data 25.11.2021 recíbese alegación con código identificador RMPPE151UQV no que indica que á vista da resolución provisional renuncia ao uso no Polideportivo LES Puga Ramón os mércores de 22.00-23.30h; debería de procederse a aceptar a renuncia.

#### **CLUB DEPORTIVO SEGURIDADE GALEGA**

En data 03.11.2021 recíbese alegación con código identificador RMPPE151PM8 solicitando que quere volver a adestrar no mesmo horario que tiña a tempada pasada.

Unha vez revisada a documentación presentada debería de proceder a estimar a súa solicitude e concederlle 1,5 horas para o equipo sénior feminino.

#### **IES RAFAEL DIESTE A CORUÑA**

En data 03.11.2021 recíbese con código identificador 211E1500L0 a solicitude para realizar actividade física nos campos de fútbol. En resposta a esta alegación informar que a entidade non está alegando contra as horas senón formulando unha nova solicitude. Polo tanto debería desestimarse.

#### **CLUB ASOCIACIÓN ANTIGUOS ALUMNOS COLEGIO SANTO DOMINGO**

En data 04.11.2021 recíbese alegación con código identificador RMPPE151PTQ no que indica que á vista da resolución provisional renuncia ao uso no Polideportivo IES Puga Ramón, os luns de 22.00-23.30h; debería de procederse a aceptar a renuncia.

#### **ESCOLA HOCKEY HERBA HC**

En data 05.11.2021 recíbese alegación con código identificador 211E1500L6 indicando que solicitou adestrar no PM Ventorrillo os martes de 22.30-23.59h e non se lle concedeu quedando libre ese horario na resolución provisional.

Na CD A Torre solicita adestrar os mércores en ½ campo de 16.30-18.00h. Tamén quere cambiar o horario concedido os venres de 22.00-23.30h para os xoves de 20.30-22.00h.

Unha vez revisada a documentación detéctase o erro administrativo polo que debería de estimarse ó uso do PM Ventorrillo e desestimarse as peticións da CD A Torre porque están concedidas a outros clubs.

#### **CLUB DEPORTIVO AS BRIGANTIAS ROLLER DERBY A CORUÑA**

En data 05.11.2021 recíbese alegación con código identificador RMPPE151Q91 no que indica que á vista da resolución provisional renuncia ao uso no Polideportivo IES Puga Ramón, os martes e xoves de 22.00-23.30h; debería de procederse a aceptar a renuncia.

#### **CLUB BALONMAN BRIGANTTIUM**

En data 08.11.2021 recíbese alegación con código identificador RMPPE151QBJ conforme non está de acordo nin co número de horas outorgadas nin coa distribución das mesmas.

Unha vez revisada a documentación presentada deberíase de proceder a estimar a súa solicitude e concederlle 1,5 horas.



#### **FEDERACION GALEGA PELOTA**

En data 23.11.2021 recíbese con código identificador RMPE151U6B a solicitude para adestrar no Frontón corto da CD A Torre Arsenio Iglesias os martes de 22.00-23.00h.

En resposta a esta alegación informar que a entidade non está alegando contra as horas senón formulando unha nova solicitude. Polo tanto debería desestimarse.

#### **CLUB RÍTMICA CORUÑA**

En data 29.10.2021 recíbese alegación no Servizo Municipal de Deportes con código identificador RMPE1510UJ, a entidade presenta como alegación unha nova solicitude de instalacións deportivas (pista dos Rosales, pista do Barrio das Flores ou pista da Sagrada Familia) de 10.00 a 14.00 horas.

A entidade non está alegando contra as horas outorgadas na convocatoria senón formulando unha nova solicitude polo que debería desestimarse pola Mesa de avaliación ao non estar nese momento do procedemento.

En data 23.11.2021 recíbese alegación con código identificador RMPE151U3B no que indica que á vista da resolución provisional renuncia ao uso do Ximnasio do PM Los Rosales os venres de 20.00-21.00h; debería de procederse a aceptar a renuncia.

#### **CLUB PATINAXE LENDA**

i. En data 02.11.2021 recíbese alegación código identificador 211E1500KT no que indica que á vista da resolución provisional renuncia ao uso da pista Multiusos de Riazor (Frontón) os martes de 22.00 a 23.00 horas ao ser unha hora tardía; debería de procederse a aceptar a renuncia.

ii. En data 02.11.2021 recíbese alegación da dita entidade con código identificador 211E1500KS que a vista da resolución provisional solicita o uso no horario dos sábados de 11.00 a 12.00 horas manifestando que ese horario é o seu habitual de uso desde 2016 e que está solicitada esa hora coma actividade deportiva e non física polo que solicita a revisión nesa hora e o uso da pista Multiusos de Riazor (Frontón) en horario continuado de 11.00 a 14.00 horas; debería procederse a estimar pola Mesa de Avaliación a dita alegación e corrixir o erro da mesa.

Esta modificación afectaría ao reparto de usos á entidade CPA Brincadeira, que pasaría a usar a citada pista en horario ata 10.55 horas.

#### **CLUB ENCONTRO AIKIDO**

En data 02.11.2021, recíbese alegación con código identificador RMPE1510WU coa rexeita pola parte da entidade do uso concedido no horario dos venres no Ximnasio B Tatami, motivado pola reorganización das súas actividades deportivas; debería aceptarse polo tanto aceptar a súa renuncia.

#### **CLUB ATLETISMO RIAZOR CORUÑA**

En data 02.11.2021, recíbese alegación con código 211E1500KV solicitando o uso da sala de Musculación B sita no Palacio dos Deportes no horario sinalado na súa solicitude inicial ao quedar baleiro e rexeita o uso asignado, Musculación Frontón, ao preferir a citada sala, feito sinalado coma unha opción preferente en posto na súa solicitude inicial; deberíase de proceder a estimar a súa solicitude e aceptar a renuncia.

#### **GE-DIAULO SL**

En data 03.11.2021 e co código de asento 211E1500L1 a entidade presenta alegación á distribución provisional sinalando un erro na adxudicación de horas na pista de atletismo de Riazor os venres de 14:00 a 15:00 horario asignado a outra entidade que non solicitou dita pista. Unha vez revisado debería estimarse ao tratarse dun erro da propia administración.

#### **HOCKEY CLUB LICEO DE LA CORUÑA\_FEMININO**

En data 03.11.2021 co código de asento RMPE151PI8 a entidade solicita novas horas de uso para o seu equipo feminino de OK Liga.

En resposta a esta alegación informar que a entidade non está alegando contra as horas senón formulando unha nova solicitude. Polo tanto debería desestimarse.

#### **TIP MV FIGTH KRAV MAGA GALICIA**

En data 04.11.2021 co código FORE1507WL recíbese alegación indicando erro da propia entidade ao solicitar a Sala de Musculación C do Palacio de Deportes de Riazor na súa solicitude inicial, cando refíre ao Ximnasio C, sendo soamente o horario o dato correcto.

Debería de desestimarse a dita alegación ao ser un erro da entidade non subsanado no prazo indicado ao principio do procedemento, presentando neste momento unha nova solicitude.

#### **S.D. CIUDAD JARDIN**

En data 04.11.2021 co número de código de asento RMPE151PQJ a entidade solicita novas horas de uso para o seu equipo; debería desestimarse ao tratarse dunha nova solicitude

#### **ALQUIMIA INLINE**

En data 04.11.2021 e con código identificador RMPE151PQ2 recíbese alegacións á distribución provisional de usos de IDM cos seguintes puntos:

- i. Solicita recuperar os 30 minutos na Pista Central do Palacio dos Deportes os luns de 22:30 a 23:00 horas que tiña asignado a tempada pasada; deberíase aceptar a alegación e corrixir o erro detectado nesa franxa horaria adxudicada ao club Compañía de María na distribución provisional ao ser un erro da propia administración.



- ii. Solicita o cambio no horario dos martes de 23:00 a 24:00 horas concedido na distribución provisional na Pista Multiusos (Frontón) ao horario asignado ao Club de Patinaxe Lenda de 22:00 a 22:55 horas; aínda que o club de Patinaxe Lenda na súa alegación rexeita o uso desá hora, esta solicitude debería ser considerada como unha nova solicitude polo que non estamos nese momento do procedemento, debendo solicitalo unha vez sexa público dito horario pola transparencia do procedemento, deberíase desestimar dita alegación.
- iii. Solicita o horario na pista Multiusos (Frontón) os mércores de 21:00 a 22:00 horas, o que se debería desestimar ao estar ocupado polo propio servizo municipal coas Escolas Deportivas Municipais. Solicita o horario inmediatamente posterior asinado As Brigantías Roller Derby; deberíase desestimar dita alegación por ser o único horario de semana (luns a venres) concedido a esa entidade.
- iv. Deberíase estimar a alegación presentada en data 04.11.2021 e con código identificador RMPPE151PQ5 onde a entidade renuncia aos seguintes usos concedidos na resolución provisional:
  - Pista Multiusos (Frontón) luns de 23:00 a 24:00 horas por ser un horario tardío.
  - Pista Multiusos (Frontón) martes de 23:00 a 24:00 horas por idéntico motivo.

#### **CLUB DEPORTIVO ZALAEITA 100TOLOLO**

En data 05.11.2021, recíbese alegación co código RMPPE151Q9N e propónse desestimar as súas alegacións en base a que a mesa repartiú intentando satisfacer a demanda do CLUB ZALAEITA 100TOLOLO que soamente solicitou inicialmente usos os martes, xoves e sábados. Usos dos martes e xoves tamén solicitados polo Club Escola Galega de Esgrima nun horario reducido e axustado a súa necesidade.

Desta forma, para atender todas as peticións, e debido á existencia dunha única instalación adicada á actividade de esgrima a Mesa outorgou o reparto compartido neses días afectando únicamente a un número mínimo de horas, opción que permite a propia instalación.

#### **AGRUPACIÓN MONTAÑEROS INDEPENDIENTES**

En data 05.11.2021 preséntase alegación contra a distribución provisional de usos co código de asento RMPPE151Q9T pola dita entidade, indicando o desacordo dos luns e mércores de 19:00 a 19:30 horas adxudicado á entidade Club de Montaña Coruña en exclusividade alegando que o tiñan adxudicado os mércores na tempada pasada e que dito horario o necesitan para a súa escola de ao redor de 210 menores.

A entidade AMI ten asinado un total de 25 horas dentro do horario solicitado, motivo polo cal debería desestimar dita alegación en función do número de horas concedido dentro dos horarios solicitados inicialmente pola entidade.

A súa outra solicitude de ampliación de horas de uso os sábados; enténdese como unha nova solicitude e non estamos nese momento do proceso polo que procedería desestimar dita alegación.

#### **LEGER FORMACIÓN S.L.**

En data 08.11.2021 e con código identificador 211E1500LE presenta alegación á asignación provisional ao existir un erro no horario asignado de uso na pista de atletismo os venres de 09:00 a 09:55 horas cando debería dicir de 08:00 a 08:55 horas; debería aceptarse a alegación e corrigir o erro.

#### **HOCKEY CLUB RIAZOR**

En data 08.11.2021 e co código identificador RMPPE151QCG presenta alegación á asignación provisional indicando que o número de horas asignado en dita distribución non lle chega para o reparto entre os 40 nenos e nenas que adestran no club tendo que dicir non a moita mocidade da cidade polo que solicitan 1:30 horas mais os venres de 19:00 a 20:30 horas, asinado ao Club de Patinaxe Lenda e Alquimia Inline.

Neste termo informar que á entidade Hockey Club Riazor correspóndelle 4 horas concedéndoselle 5 todas elas en Pista Polideportiva 1, repartidas no horario solicitado. Cabe sinalar que na distribución da tempada 2020-2021 non tiña o horario do venres como indica, polo que debería desestimar dita alegación.

Con respecto a súa solicitude de revisión do uso da instalación Polideportiva 1 polos clubs beneficiarios desta convocatoria indicar que dita tarefa estase a realizar polo persoal da instalación e no caso de detectarse infrautilización tomaranse as medidas sinaladas nas propias bases da convocatoria.

#### **CLUB HÉRCULES XRM**

En data 08.11.2021 a entidade con código de asento RMPPE151QAF presenta varias alegacións contra as bases da convocatoria que deben desestimarse xa que non estamos nese momento do procedemento. As alegacións débense presentar contra a resolución provisional.

No que respecta a referencia que fai no seu punto 2 "Dar prioridade a academias de formación antes que aos clubs" aclárase: en primeiro lugar como xa se lle indicou en anterior convocatoria, o uso que fan as academias das instalacións deportivas municipais non está exento do pago da taxa reguladora fixada na Ordenanza Fiscal nº15, a diferenza do uso que fan os clubs que é gratuíto, en segundo termo na propia convocatoria explicase o motivo polo que se convocan horas de uso de aluguer para este tipo de empresas e o motivo é a demanda que hai de aluguer para actividades formativas tendo en conta que as probas de acceso a determinadas oposicións se desenvolven en instalacións deportivas deste tipo. En todo caso, a propia convocatoria establece que se lle outorgan horas residuais non demandadas en horario de mañá, medio día ou de noite.



En canto ao reparto de horas de uso da pista de atletismo indicarlle que existe unha gran demanda de clubs de atletismo que solicitan esta instalación así como o propio horario das Escolas Deportivas Municipais de Atletismo, en concreto: Club Atletismo Riazor Coruña, Club Compañía de María de Atletismo, Club La Mochila del Deporte, Club Marinada Atlético, Club Coruña Comarca, así coma atletas con licenza individual.

#### **BOA VIDA**

En data 05.11.2021 e código identificador 211E1500LA presenta solicitude de uso; debería de desestimarse ao ser unha nova solicitude e non estar nese momento do procedemento.

#### **CENTRO LICEO LA PAZ**

En data 05.11.2021 presenta escrito con número de rexistro: REGAGE21e 00022946955 alegando que na súa solicitude inicial de uso do Rocódromo de Riazor para actividade física non tiñan os horarios reais e que actualmente xa dispoñen deles sendo menores aos solicitados. As alegacións deberían desestimarse ao alegar contra un horario xa concedido a outra entidade que realiza unha actividade deportiva.

#### **ASOCIACIÓN CORUÑESA DE WATERPOLO**

Presenta o 09.11.2021 escrito con código de asento RMPE151QS1 comunicando a súa imposibilidade de utilizar durante a tempada a sala Musculación Frontón os luns de 20.00 a 20.55 e a piscina de Riazor os sábados de 09.00 a 10.00 e de 12.00 a 14.00; deberíase aceptar as ditas renuncias.

#### **AS BRIGANTIAS ROLLER DERBY**

Presenta o 09.11.2021 escrito con código de asento RMPE151QS2 comunicando a renuncia durante a tempada os domingos de 11.00 a 14.00 a Polideportiva nº1 e os mércores de 22.00 a 24.00 horas da Pista Multideporte (Frontón de Riazor); deberíase aceptar as ditas renuncias.

#### **SPORTING CLUB CASINO DE LA CORUÑA**

En data 15.11.2021 e código RMPE151S1Z presenta nova solicitude de uso das pistas de atletismo de Elviña; debería de desestimarse ao ser unha nova solicitude e non estar nese momento do procedemento, ademais de estar fora de prazo de alegacións no caso de ser considerada como tal.

#### **DIEGO SANTOS DUBRA**

En data 17.11.2021 e código identificador 211E1500LW presenta nova solicitude de uso para a práctica de boxeo e kick boxing; debería de desestimarse ao ser unha nova solicitude e non estar nese momento do procedemento, ademais de estar fora de prazo de alegacións no caso de ser considerada como tal.

#### **FUNDACIÓN EDUCATIVA ESCLAVAS A CORUÑA**

En data 10.11.2021 presenta solicitude de asignación de pistas no caso de renuncia; non se pode atender ao non estar nese momento do procedemento.

A Mesa quiere lembrar a aquelas entidades que aínda non presentaron a documentación que ábrese un prazo de 10 días naturais para a formalización dos usos concedidos. Por iso a entidade que obtivera horas de uso nas instalacións deportivas municipais deberá aportar por Rexistro a documentación debidamente cumprimentada e acreditativa de que cumpre as condicións de uso. Se non presentan a documentación no prazo establecido perderán o dereito a utilizar as horas concedidas. A documentación que deben aportar ven debidamente relacionada nas bases da convocatoria.

Unha vez rematada esta fase de reparto de horas sobrantes das renunciias, e de acordo co disposto no punto 9.7 Horas sobrantes e a Disposición adicional primeira Réxime de outorgamento de usos das instalacións, á marxe da presente convocatoria, establece que calquera entidade que reúna os requisitos subxectivos e obxectivos indicados na mesma, poderá solicitar a ocupación daquelas franxas horarias que se atopen libres polo que resta de tempada, garantindo desde o servizo municipal de Deportes que queden sen distribuír determinados horarios para realizar o correspondente aluguer por calquera entidade que o solicite.

Esta solicitude farase de acordo ao establecido nas bases da presente convocatoria.

Sendo as 15:30 horas, levántase a reunión estendendo a presente acta para a súa constancia.

Ve e prace  
O Presidente da Mesa



Fdo. Fernando Pérez San Vicente

A Secretaria da Mesa



Fdo. Paula Solórzano Prieto

Vogais



Antonio Pedraz Pollo



Luis Arias Barbeito